

Temas: [SANTIAGO DE COMPOSTELA \(/tema/santiago-de-compostela\)](#) [MANUEL REIGOSA \(/tema/manuel-reigosa\)](#) [GOBERNO CENTRAL \(/tema/goberno-central\)](#)
[BOLSAS \(/tema/bolsas\)](#) [ESTUDO \(/tema/estudo\)](#) [GALICIA \(/tema/galicia\)](#) [FORTALEZA \(/tema/fortaleza\)](#) [INVESTIGACIÓN \(/tema/investigacin\)](#)
[UNIVERSIDADES \(/tema/universidades\)](#) [CURSO \(/tema/curso\)](#) [GALEGO \(/tema/galego\)](#)

O delegado do Goberno presume dos 126,4 millóns para investigación e bolsas ás universidades galegas

Os reitores galegos agradecen a vía de comunicación co Goberno central e trasladan a súa preocupación pola LOSU.

Por E.P. | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 24/11/2021 | Actualizada ás 14:38







<https://www.facebook.com/sharer/sharer.php?u=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com/noticia/181737-delegado-goberno-presume-1264-millons-investigacion-bolsas-universidades-galegas>
<http://twitter.com/share?url=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com/noticia/181737-delegado-goberno-presume-1264-millons-investigacion-bolsas-universidades-galegas&text=O%20delegado%20do%20Goberno%20presume%20de%20126%2C4%20mill%C3%B3ns%20para%20investigaci%C3%B3n%20e%20bolsas%20a%20as%20universidades%20galegas>
<https://plus.google.com/share?url=http%3A%2F%2Fwww.galiciaconfidencial.com/noticia/181737-delegado-goberno-presume-1264-millons-investigacion-bolsas-universidades-galegas>
<https://api.whatsapp.com/send?text=O%20delegado%20do%20Goberno%20presume%20de%20126%2C4%20mill%C3%B3ns%20para%20investigaci%C3%B3n%20e%20bolsas%20a%20as%20universidades%20galegas>
<https://t.me/galiciaconfidencial?text=O%20delegado%20do%20Goberno%20presume%20de%20126%2C4%20mill%C3%B3ns%20para%20investigaci%C3%B3n%20e%20bolsas%20a%20as%20universidades%20galegas>



(https://adserver10.novobanner.com/www/delivery/ck.php?oaparams=2__bannerid=489__zoneid=23__cb=43a0b4a6a3__oadest=http%3A%2F%2Ft.me%2Fgaliciaconfidencial)

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, destacou que o **Executivo central destinou preto de 126,4 millóns de euros** este curso ao sistema galego de educación superior a través de axudas á investigación ou a bolsas de estudo, que beneficiaron a preto de 21.000 alumnos.

Así o trasladou este mércores tras reunirse de forma conxunta en Santiago de Compostela co tres reitores das universidades públicas galegas, **Antonio López (USC), Xulio Abalde (UDC) e Manuel Reigosa (UVigo)**.

O encontro serviu tanto para abordar cuestións de financiamento, as novas posibilidades do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia como as últimas reformas legislativas nas que traballa o Executivo central, como a Lei de Convivencia ou a Lei Orgánica do Sistema Universitario.

Miñones destacou que este mesmo curso destináronse eses 126,4 millóns de achegas directas, dos 60,4 correspóndense con axudas a investigación e outros 66 a bolsas de estudos correspondentes ao último curso académico.

CANLE DE COMUNICACIÓN

O encontro tamén serviu para abordar a nova Lei de Convivencia ou a Lei Orgánica do Sistema Universitario, normas que "necesitan dun consenso amplo" para poder levalas a cabo.

O reitor da UVigo (<http://www.uvigo.gal>), **Manuel Reigosa, reivindicou a fortaleza do sistema universitario galego** e destacou a importancia de contar con esa vía de diálogo co Goberno central, sobre todo ante as "inquietudes" ante a nova LOSU, unha norma que é "importante" para estas institucións e que debería ter vocación de "futuro".

O **reitor compostelán, Antonio López**, agradeceu esta "porta de comunicación directa" a través do delegado do Goberno, unha persoa "que coñece ben a universidade" e "unha peza importantísima" para analizar os retos e as necesidades destas institucións.

Pola súa banda, **o reitor coruñés, Xulio Abalde**, valorou tamén "o esforzo" do Goberno do Estado no aumento "importante" de bolsas de estudo ou de formación, que representa "unha aposta clara polo futuro e o talento".



O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, reúne-se co tres reitores galegos.. DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA | Fonte: Europa Press

Temas: SANTIAGO DE COMPOSTELA (tema/santiago-de-compostela) MANUEL REIGOSA (tema/manuel-reigosa) GOBERNO CENTRAL (tema/goberno-central) BOLSAS (tema/bolsas) ESTUDO (tema/estudo) GALICIA (tema/galicia) FORTALEZA (tema/fortaleza) INVESTIGACIÓN (tema/investigacion) UNIVERSIDADES (tema/universidades) CURSO (tema/curso) GALEGO (tema/galego)

Facebook, Twitter, Google+, WhatsApp, Telegram sharing buttons with URL fragments.

¿Gústache esta noticia?

Colabora para que sexan moitas máis activando GCplus

+ Que é GC plus? (introgcplus/) Achegas PayPal VISA (achegas/)

Comenta

Texto

¿Quieres deixar un comentario?

Últimas noticias: Sociedade (/seccion/sociedade)

- Os policías filipinos implicados na morte de Diego Bello aseguran que levaba unha pistola (/noticia/181819-policias-filipinos-implicados-morte-diego-bello-aseguran-levaba-pistola)
As vítimas na pandemia en Galicia aumentan a 2.664 tras o falecemento dun home en Vigo (/noticia/181815-vitimas-pandemia-galicia-aumentan-2664-falecemento-dun-home-vigo)
O Centro Europeo de Prevención e Control de Enfermidades pide a dose de reforzo para maiores de 18 anos (/noticia/181798-centro-europeo-prevencion-control-enfermidades-pide-dose-reforzo-maiores-18-anos)
O Sergas cita a máis de 2.000 veciños do Grove a un cribado esta fin de semana (/noticia/181795-sergas-cita-2000-vecinos-grove-cribado-semana)
O Sergas, condenado a pagar a operación dunha muller trans, achaca a situación a un contexto de transición sanitaria (/noticia/181796-sergas-condenado-pagar-operacion-dunha-muller-trans-achaca-situacion-contexto-transicion-sanitaria)
Asturias fala de "rigor dos traballos sobre o topónimo Ría do Eo", ante o recurso de Galicia (/noticia/181792-asturias-fala-rigor-traballos-toponimo-ria-eo-recurso-galicia)

+lidas +comentadas comentarios

- Volven as restricións: certificado covid... (/noticia/181541-volven-restriccions-certificado-covid)
Convocan unha concentración contra o... (/noticia/181444-convocan-concentracion)
Do BNG de Beiras ao BNG de Pontón... Do... (/noticia/181644-bng-beiras-bng-ponton)